



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 872 Semana do 2 ao 8 de marzo de 2020

A CORRESPONSABILIDADE SEGUE A SER UNHA MATERIA PENDENTE. SON AS MULLERES AS QUE ASUMEN MAIORITARIAMENTE AS REDUCIÓNS DE XORNADA, AS EXCEDENCIAS, AS XORNADAS PARCIAIS E OS ABANDONOS DO MERCADO LABORAL PARA O COIDADO DE MENORES OU MAIORES A CARGO

NESTE 8M UGT-GALICIA REITERA QUE AS MULLERES SOFREN MÁIS O DESEMPREGO E A PRECARIEDADE NO TRABALLO

UGT-Galicia chama á cidadanía galega a participar nos actos programados para conmemorar esta data porque, a pesar do contexto de recuperación, as brechas de xénero continúan ampliándose

Redacción.- Un ano máis achegámonos a este 8M, Día internacional da muller, cun amplo listado de demandas e achegas porque, a pesar do contexto de recuperación económica, as brechas de xénero continúan ampliándose. O retroceso sufrido en materia de igualdade na última década e a lentitude dos avances cando estes se producen fan cada vez máis intolerable a situación de discriminación e desigualdade que sofren as mulleres inxustamente.

As frías estatísticas son o espello dunha realidade que cómpre mudar para poder falar dunha sociedade igualitaria real e non sobre o papel. Así, o mercado laboral feminino segue a manifestar peores condicións que o masculino en todas as súas variables.

A pesar da progresiva incorporación da muller ao mercado de traballo, seguen persistindo as diferenzas de xénero.

A taxa de actividade feminina, 8,5 puntos por debaixo da masculina e afastada en 4,2 puntos da media estatal

A taxa de actividade feminina sitúase 8,5 puntos por debaixo da masculina (45.000 mulleres menos), ampliando o diferencial aínda máis con respecto ao ano anterior, segundo a EPA de 2019 (media anual). A taxa de actividade feminina é de



DÍA	LOCALIDADE	HORA	LUGAR
8 de marzo	A Coruña	12:00	Obelisco - Chegada: Praza das Cigarreiras
8 de marzo	Betanzos	12:00	Palco da Música
7 de marzo	Arteixo (Concentración)	12:00	Av. do Balneario
8 de marzo	Ferrol	12:00	Inferniño
8 de marzo	As Pontes	12:30	Concello - Chegada: Rúa 8 de Marzo
8 de marzo	Boiro	18:00	Praza do Concello
8 de marzo	Sada (Concentración)	18:00	Praza Irmáns Suárez Picallo
8 de marzo	Ribeira (Concentración)	13:30	Praza de España
8 de marzo	Carballo	19:00	Xulgados
8 de marzo	Cee	12:00	Praza 8 de Marzo
8 de marzo	Santiago	19:30	Praza 8 de Marzo
8 de marzo	Padrón	13:00	Praza das Macias
8 de marzo	Lugo	12:00	Multiusos da Xunta
8 de marzo	Monforte	13:00	Saíde: Praza da Compañía
8 de marzo	Foz	12:00	Praza de A Rapadoira
8 de marzo	Sarria	12:00	Praza do Concello - Chegada: Praza da Vila

DÍA	LOCALIDADE	HORA	LUGAR
8 de marzo	Chantada (Concentración)	12:00	Praza do Cantón
8 de marzo	Ourense	20:00	Subdelegación do Goberno
8 de marzo	Allariz	12:00	Campo da Barreira
8 de marzo	A Gudiña (Concentración)	17:00	Praza Maior
8 de marzo	Marín	20:30	Praza 8 de Marzo
8 de marzo	Vigo	18:00	Cruce da Via Norte
8 de marzo	Vigo (Concentración)	12:00	Marco
8 de marzo	Pontevedra	17:30	Hospital Provincial - Chegada: Praza da Ferrería
8 de marzo	Cambados	12:00	Concello Chegada: Praza a Naiciña
8 de marzo	Vilagarcía	12:30	Saída/Chegada: Praza de Galicia
8 de marzo	Vilaboa (Marcha a pé)	15:00	Local social Figueirido - Chegada: Hospital Provincial
8 de marzo	Lalín	12:00	Km. 0
8 de marzo	A Estrada (Concentración)	12:00	Praza do Mercado

PARTICIPA!!!

4,2 puntos da media estatal, diferenza que hai un ano era de 3,7, polo que aumenta a brecha. De feito, Galicia, tras Asturias e Estremadura, reflicte a menos taxa do Estado. Hai que subliñar que Galicia, cunha taxa de actividade feminina do 49,1%, dista moito da de outras comunidades como Madrid (58,7) ou Cataluña (57%).

A ocupación das mulleres galegas tamén é inferior á dos homes, en 52.700 persoas. Hai, segundo a EPA, 521.200 mulleres ocupadas, fronte a 573.900 ho-

mes. De cada cen persoas ocupadas, tan só o 47,6% son mulleres. Isto, a pesar de que o 52,2% da poboación de 16 ou máis anos nesta Comunidade son mulleres.

A brecha da taxa de emprego supera os 8 puntos e no desemprego as mulleres si están á cabeza, 2,1 puntos por enriba dos homes

Na taxa de emprego tamén existe unha brecha de 8,6 puntos. No caso dos homes esta é dun 51,4% e no das mulleres



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

res dun 42,8%. Aínda así, en ambos casos Galicia continúa moi afastada dos obxectivos de Europa 2020 que establece o 75% para ambos sexos.

Onde si existe unha taxa superior para as mulleres é no desemprego, 2,1 puntos por enriba da masculina, do 12,8 no caso das mulleres e do 10,7% no caso dos homes. No ano 2019 a taxa de paro feminina distanciábase, unha vez máis, da masculina en relación ao 2018. Tras a equiparación das taxas de paro durante a crise, volve a darse o tradicional diferencial, constatando a maior dificultade para o acceso ao mercado laboral das mulleres.

Pero é que o paro de longa duración tamén se ceba coas mulleres galegas, que representan o 54,4% das persoas desempregadas que levan máis dun ano na procura de emprego e 24.800 levan dous anos ou máis.

A inactividade ten rostro de muller

A inactividade tamén ten rostro de muller, hai 473.600 homes inactivos, fronte a 620.600 mulleres. E, ademais, se se analizan as causas desta inactividade, obsérvase como os coidados de nenos, persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores representan a maior porcentaxe. Do total das persoas que afirman estar inactivos por esta causa, o 88,6% son mulleres. No caso de “ter outras responsabilidades familiares ou persoais” as mulleres representan o 89,9% do total. Estes datos evidencian que a asunción de responsabilidades familiares é maioritariamente feminina. Pero o desánimo tamén ten rostro feminino, do total das persoas que indican que non buscan emprego por “crer que non o van atopar”, o 61,6% son mulleres.

Por outra banda, a segregación ocupacional horizontal e vertical segue a caracterizar o mercado laboral feminino en Galicia. As mulleres aglutinan o 56,6% da ocupación no sector servizos (102.200 mulleres máis) e un 43,9% tamén relevante na agricultura e gandaría. Sen embargo, na industria baixa a porcentaxe significativamente aos 28,2 puntos, no sector máis valorado e mellor retribuído, e ao 7,4% na construción.

Ponse de manifesto tamén a segregación vertical, xa que só o 33,2% dos postos de dirección e xerencia son ocupados por mulleres, só o 2% das mulleres ocupadas atópanse nesta situación. A isto hai que engadir que as mulleres tan só representan o 17,3% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35.

E seguimos su-
mando desigualda-
des. A igual forma-
ción, os homes teñen
maiores taxas de ocu-
pación en todos os ni-
veis formativos, salvo
no da educación su-
perior. Así, compró-
base que a maior nivel
educativo, maior em-
pregabilidade no mer-
cado laboral. Constá-
tase que a formación
é a principal ferra-
menta para lograr a
inclusión da muller no
mercado laboral.

As mulleres tamén soportan taxas de temporalidade superiores, máis contratos fixos discontinuos e parciais

A inestabilidade laboral tamén dificulta máis o mantemento do emprego no caso das mulleres. Se a taxa de temporalidade no 2019 foi do 26,5%, no caso das mulleres esta porcentaxe achégase aos 27,8 puntos. Do total da poboación asalariada con contrato temporal, o 51,9% son mulleres.

Tamén resulta significativo que do total da poboación asalariada con contrato fixo discontinuo, o 6.600 son mulleres, fronte a 2.600 homes. Isto implica menores salarios ao ano, xa que só se cobra nos períodos traballados e consúmese paro no resto.

O emprego a tempo parcial tamén segue sendo para as mulleres. En Galicia hai 117.000 mulleres con contrato a tempo parcial e 38.600 homes. No emprego a tempo parcial a porcentaxe de mulleres ocupadas acada o 75,2%. O 22,4% da ocupación feminina o é a tempo parcial, fronte a tan só o 6,7% dos homes. O que supón unha brecha de 15,7 puntos.

Séguese a suspender en conciliación en corresponsabilidade

Ademais das eivas do mercado laboral galego, que afectan a ambos sexos, existen dous factores que lastran aínda máis a condición da muller no mundo do traballo, conciliación e corresponsabilidade. Das persoas que teñen un contrato a tempo parcial por ter que coidar a familiares ou atender outras responsabi-



lidades familiares, o 93,5% son mulleres. Pero tamén son moitas as mulleres que, aínda querendo acceder a un contrato a tempo completo, non poden porque ao mercado laboral non llo facilita, 61.000 mulleres.

As reducións de xornada son solicitadas no 76,4% dos casos por mulleres. E o mesmo sucede coas excedencias por coidado familiar que no 88,14% dos casos son demandadas por mulleres.

Por todo isto, e porque a sociedade galega segue a ser desigual e aínda queda moi por andar, UGT-Galicia, non só neste 8M, senón todos os días do ano, vai seguir demandando facer efectivo o diálogo social e a negociación colectiva, incrementar as políticas activas de emprego, adoptar medidas que fagan posible a negociación de plans de igualdade nas empresas, así como medidas de acción positiva destinadas a eliminar a discriminación no emprego e na protección social.

Ademais, urxe unha Lei de igualdade salarial e reforzar os instrumentos e recursos de vixilancia da autoridade laboral par ao cumprimento efectivo do principio de igualdade. Avanzar na corresponsabilidade entre mulleres e homes e poñer en marcha un modelo educativo igualitario, ademais do fortalecemento dos servizos públicos.

PARA UGT-GALICIA, AS MELLORAS DO EMPREGO BASEADAS NA PRECARIEDADE NON SON MELLORAS

Urxe reverter a reforma laboral, unha política económica expansiva e reformar as políticas activas de emprego

Redacción.- Os datos do desemprego feitos públicos este martes, aínda que reflicten unha baixada do paro tanto a nivel estatal como en Galicia, evidencian que as melloras do emprego baseadas na precariedade non son melloras porque persiste a rotación na contratación, a temporalidade e o paro de longa duración.

Os datos feitos públicos indican que o descenso do paro no mes en Galicia é de 1.526 persoas, unha contracción do 0,9%. Sen embargo, UGT-Galicia advirte que, en relación a hai un ano, a baixada foi do 4,31%, o que evidencia unha ralentización na contracción do desemprego en termos anuais, a máis baixa dende o ano 2014.

Por sexos, de novo, rexístrase unha mellor evolución do desemprego no caso masculino, cun descenso do 1,31%, fronte ao 0,61% no caso das mulleres. Hai 71.438 homes en situación de desemprego en Galicia e 94.791 mulleres. Do total do desemprego, o 57% é feminino. As melloras do mercado laboral trasládanse de xeito máis directo aos homes.

Entre os máis mozos, menores de 25 anos, o desemprego, contrariamente ao que sucede no resto da poboación, aumentou nun 0,2%.

Por sectores, rexístrase unha contracción en todos, salvo no colectivo de sen em-

prego anterior, onde o paro medra nun 0,75%. A baixada do desemprego foi do 2,14% no sector primario, do 1,68% na construción, do 1,03% no sector servizos e do 0,36% na industria. No ano tamén dáse unha caída en todos os sectores de actividade.

Por provincias, no mes cae o paro en todas, con porcentaxes próximas ao 1% na Coruña, Lugo e Pontevedra e no 0,57% en Lugo.

O número de contratos rexistrados no mes de febreiro foi de 72.432, dándose unha significativa contracción tanto na contratación indefinida como na temporal, do 10,6% e do 16,2%, respectivamente. Unha vez máis reflíctese a estacionalidade que empaña o mercado laboral galego. Febreiro resulta ser un mes de transición entre o Nadal e o comezo das contratacións dos meses de marzo e abril, coincidentes coa Semana Santa.

UGT-Galicia denuncia a precariedade que asolaga ao mercado laboral galego no que a contratación indefinida é de tan só o 10,57%.

Precariedade que se traslada tamén ao desemprego con tan só 99.177 persoas beneficiarias de prestación por desemprego en xaneiro de 2020, cunha taxa de cobertura do 64,2%, fronte ao 66,1% estatal. Ademais, trátase dunha cobertura maiori-

tariamente asistencial. Do total, tan só 48.432 persoas perciben unha prestación contributiva, o 48,8% do total.

En canto ás afiliacións á Seguridade Social, en febreiro estas foron de 1.012.354 persoas, aumentando nun 0,58% en relación ao mes anterior e nun 1,51% en relación a hai un ano.

Por todo isto, UGT-Galicia considera que reducir o paro debe ser o principal obxectivo de toda a sociedade, o que require dunha política económica expansiva e unha reforma das políticas activas de emprego para que cumpran con máis efectividade co seu fin. Tamén sería moi positiva a pronta aprobación duns Orzamentos Xerais do Estado que servisen a estes propósitos.

O Sindicato advirte que, ademais de pola creación de emprego, hai que traballar pola mellora da súa calidade porque unha parte moi significativa do que se crea e do existente se caracteriza pola súa baixa calidade e precariedade. E gran parte da situación actual está asociada á reforma laboral que aprobou o Goberno do PP no ano 2012 e que desequilibrou o sistema de relacións laborais a favor das empresas, facendo fácil o camiño do emprego inestable. Por elo, UGT participa neste momento na mesa de diálogo social encargada de reverter esta reforma.

UGT-GALICIA PARTICIPA NA ENTREGA DOS PREMIOS RSE GALICIA

Redacción.- O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez participou este martes en Santiago na gala de entrega da terceira edición dos Premios RSE Galicia na que se recoñeceu o traballo de catro firmas galegas no eido da responsabilidade social empresarial. Xa nos traballos previos, foi a secretaria xeral de FeSP-UGT-Galicia, a que representou ao Sindicato na deliberación do xurado.

Dende UGT-Galicia faise fincapé na importancia da implementación da RSE como valor engadido á marca de empresa daquelas firmas que acrediten as súas boas prácticas no eido das relacións laborais, no eido ambiental, na súa acción social e en materia de igualdade. Precisamente, este ano foi o primeiro no que se recoñeceron de forma específica



as prácticas en materia de conciliación.

Para o Sindicato, resulta importante que as empresas tomen conciencia do valor engadido de marca que supón cumprir cos seus traballadores, coa súa con- torna, tanto dende o punto de vista social

como medioambiental, que se signifiquen nunha aposta clara pola igualdade e por unha sociedade máis xusta.

As empresas premiadas foron Teca- lis Innovación, Empresa Monforte, Altia Consultores e Congalsa.

A FALTA DE ACORDO PARA REGULARIZAR AS CONDICIÓNS LABORAIS, EIXO CENTRAL DO CONFLITO


UGT e CIG CONVOCAN FOLGA EN PARTE DO SECTOR DA ESTIBA PESQUEIRA EN RIBEIRA E A POBRA

A folga iniciárase o vindeiro luns, 9 de marzo, e afectará á empresa Consignaciones Barbanza SL

Redacción.- UGT e CIG veñen de convocar folga na empresa estibadora Consignaciones Barbanza SL, a cal se iniciará o vindeiro luns, día 9, con carácter indefinido nunha primeira instancia e de forma parcial con paros de dúas horas diarias.

As principais reivindicacións xorden da falta de acordo para a regulación legal das relacións laborais, que si están reguladas mediante convenio colectivo nas outras dúas empresas que operan nos peiraos de A Pobra e Ribeira. As melloras nas condicións laborais, sobre todo salariais, de organización do traballo e en materia de prevención de riscos laborais son o eixo do convenio colectivo que se reivindica pola parte social.

A folga afectará indirectamente a empresas transportistas e industria conserveira, posto que se verá comprometido a subministración regular de túnidos a granel. Afectará tamén ás empresas consignatarias de buques e navieiras nos traballos de desestiba e ó Ente Público Portos de Galicia, posto que os centros de traballo afectados teñen as instalacións emprazadas nos peiraos de Ribeira e A Pobra.



A comunicación formal foi realizada á empresa este martes, así como ás administracións públicas afectadas: Consellería de Economía, Emprego e Industria; Consellería do Mar; Portos de Galicia; e Subdelegación do Goberno en A Coruña.

FESE DEMANDA QUE SE ACTIVE O SERVIZO DOS BOMBEIROS FORESTAIS EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA NO MEDIO RURAL

O Sindicato denuncia que, tras as alertas a causa das borrascas “Jorge” e “Karine”, non se activou aos bombeiros forestais coa importante tarefa que poden desenvolver de apoio nas continxencias no medio rural

Redacción.- UGT denuncia que despois de estar en alerta laranxa e amarela en diferentes zonas da nosa Comunidade Autónoma, debido ás borrascas “Jorge” e “Karine”, en ningún momento se activou aos bombeiros forestais da Administración Autonómica para desenrolar a súa labor de apoio nas continxencias no medio rural, tal e como marca a norma que regula a súa cualificación profesional: “Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio ás continxencias no medio natural e rural (SEA595_2)”.

UGT, atendendo á evidencia de que dentro da norma reguladora da súa categoría profesional englobábanse determinadas tarefas que inclúen o traballo da retirada de árbores e ramas tiradas polo temporal e demais emerxencias parellas a estas situacións de perigo, consideramos que é obriga da Consellería coordinar a colaboración e implicación dos seus medios propios en ditas continxencias.

UGT considera que nestas situacións deberíase activar o Servizo do SPIF automaticamente a través do 112. A colaboración dos distintos servizos públicos nas áreas rurais é fun-



damental, atendendo ao espallamento xeográfico dos núcleos rurais no noso país. Entendemos que a prestación de servizos coordinada nas distintas situacións de emerxencia que se poidan producir, incluíndo a colaboración na busca de persoas desaparecidas, por exemplo, beneficiaría ao conxunto da cidadanía galega e permitiría afrontar con máis e mellores medios persoais e materiais as incidencias producidas por todo tipo de fenómenos meteorolóxicos e distintas circunstancias que poidan suceder.

Medio Rural debería deixar de malgastar o diñeiro público na externalización de servizos cando conta con medios propios inutilizados en certas situacións de emerxencia

A Consellería do Medio Rural debería deixar de malgastar os cartos dos contribuíntes na externalización de servizos e utilizar os medios propios como corresponde, con eficacia e eficiencia, isto redundaría en aforro de custes e en dotar dun servizo polivalente á poboación galega.

URXE PECHAR UN ACORDO PARA A REDUCCIÓN DE XORNADA E COMPENSACIÓN POR TRABALLO EN DOMINGOS E FESTIVOS PARA O PERSOAL LABORAL A QUENDAS DA XUNTA

Redacción.- UGT e CCOO instan á Dirección Xeral da Función Pública a que na vindeira xuntanza da Comisión de Seguimento do Acordo de Concertación presente unha proposta formal para o desenvolvemento dun plan transitorio para o establecemento doutras xornadas anuais inferiores para o persoal con xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas, que será obxecto de negociación no ámbito correspondente da Mesa Xeral de Empregados.

O Acordo de Concertación do Emprego Público de Galicia, asinado en xaneiro de 2019, por CCOO e UGT coa Administración Autonómica, establece que: "Unha vez que se constatou unha redución significativa do déficit público e o inicio da mellora da economía, o goberno galego pode iniciar un proceso paulatino de recuperación da situación preexistente en materia de persoal, un impacto económico acorde coas posibilidades financeiras, centrándose naqueles aspectos que se poden considerar máis sensíbles para o persoal ao servizo ao sector público galego, de modo que se dignifique o papel e as condicións do persoal empregado público e, á vez, contribúa á modernización das administracións"

Ademais, no seu punto sexto o Acordo establece que "a Xunta de Galicia presentará, á Comisión de seguimento do presente acordo unha proposta para o desenvolvemento dun plan para o establecemento doutras xornadas anuais inferiores para o persoal con xornadas a quendas, nocturnas ou especialmente penosas. Unha vez oídas as persoas integrantes de dita comisión, elevarase dita proposta á Mesa Xeral de Negociación".

UGT e CCOO consideran este Acordo como o instrumento máis axeitado para continuar coa recuperación dos dereitos arrebatados durante a época de recortes e austeridade que supuxo a crise económica para o persoal empregado público, polo que emprazan a Administración a que, en base ao acordado, continúe coa derogación de tódolos aspectos negativos que supuxo a aplicación da lei 1/2012, pois tales recortes xa non se xustifican no actual contexto económico da Comunidade Autónoma.

O Acordo xa supuxo a recuperación de varios aspectos positivos sobre as condicións de traballo, dereitos e retribucións dos empregados públicos da Administración Autonómica. Entre outros: recuperación do 100%

das retribucións en caso de incapacidade temporal, incremento retributivo de case o 9% nos últimos tres anos, implantación da carreira profesional na Administración Autonómica, redución da taxa de temporalidade mediante a convocatoria de procesos de estabilización e consolidación, promoción interna e mobilidade, unificación do vínculo xurídico de todo o persoal laboral fixo dependente da dirección xeral de Función Pública a través dos procesos de funcionarización voluntaria, establecemento de medidas de conciliación da vida laboral e familiar, etc.

Agora UGT e CCOO esíxenlle ao Goberno da Xunta un paso máis na recuperación de dereitos, especialmente naquelas materias que se refiren ao establecemento de xornadas anuais inferiores á ordinaria ou relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral. Porén, cómpre avanzar e concretar a redución da xornada máxima anual, e as compensacións por traballo en domingos e festivos para o persoal a quendas que permita volver á situación anterior aos recortes, co obxecto de garantir a saúde laboral e o descanso necesario do persoal que traballa en centros que prestan servizos, os sete días da semana os 365 días do ano.

UGT PIDE QUE SE CONSIDERE COMO ACCIDENTE DE TRABALLO OS AFECTADOS POR CORONAVIRUS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que a Guía que difundiu o Ministerio de Traballo en relación co coronavirus "non nos gustou por tres razóns: en primeiro lugar, porque é tecnicamente mellorable, podía axudar máis aos delegados e delegadas de prevención de riscos laborais e ás propias empresas a tomar decisións. En segundo lugar porque é unha guía unilateral, sen consulta coas organizacións empresariais e sindicais. E en terceiro lugar, porque nos gustaría que esta guía puidese ser acompañada dalgún tipo de comunicación aos delegados de prevención de riscos laborais por parte dos responsables médicos, que podería axudar moito na situación na que estamos. Por tanto, é unha guía á que lle falta diálogo".

Neste sentido, dixo que o razoable sería poder falar "co Ministerio de Sanidade e co Ministerio de Traballo, que as decisións sexan conxuntas e coñecidas e compartidas cos axentes económicos e sociais".


Pepe Álvarez, que fixo estas declara-

cións na Cadea Ser, afirmou respecto aos traballadores que poidan verse afectados e teñan que gardar corentena, que a súa baixa debería considerarse como accidente de traballo, e non como enfermidade común, porque foron afectados como consecuencia de ir ao traballo. Gustaríanos, e creo que o imos facer, falar todo isto co Ministerio"- dixo.

Constituír un fondo económico

Así mesmo, propuxo constituír un fondo económico que permita atender as necesidades das persoas que vaian a suspensións temporais de contrato e facilite unha resposta tamén a algunhas empresas que teñen necesidades económicas para poder subsistir.

Respecto á preocupación que pode haber, dixo que "estamos na fase económica, e a epidemia, como tal, aínda non chegou



aos centros de traballo", máis aló dun compañeiro de Aravaca de Telefónica, ou aos traballadores e traballadoras do hotel de Gran Canaria que tiveron que estar en corentena e dos que se falou pouco, así como os do eido sanitario. Na fase na que estamos preocupa que "hai empresas que empezan a ter falta de material e cadeas de produción que se van a ter que parar parcialmente", por este motivo, pola falta de subministracións de materiais.

UGT PROPÓN LIMITAR OS PREZOS DO ALUGUER PARA FREAR A ESPECULACIÓN

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que, aínda que o problema da vivenda en España “é complexo, vén de lonxe e interveñen moitos actores”, hai que “deixar de falar e empezar a facer” para garantir o dereito constitucional e recoñecido na Carta Social Europea a unha vivenda digna.

Neste sentido, inscribíase a “Iniciativa Sindical polo Dereito á Vivenda” presentada esta semana polos sindicatos UGT e CCOO e que se trasladará ao Goberno e aos grupos parlamentarios. Trátase de abrir un debate amplo, que non sexa flor dun día, para adoptar solucións”.

Un debate no que teñen que estar presentes os sindicatos porque “a vivenda hoxe en día converteuse nun dos elementos fundamentais para os traballadores e traballadoras do noso país. Ten tanta importancia para a súa dispoñibilidade de renda, como negociar ben o seu convenio colectivo. Por iso, hai que propiciar que se tomen medidas e adóptense políticas para ter unha vivenda digna nunhas condicións compatibles co seu salario”.

A crise agravou o problema

Álvarez destacou que o problema da vivenda en España agravouse para os traballadores e traballadoras, nos últimos anos, despois da reforma laboral. Así o aumento da precariedade e os baixos salarios supón que nalgúns casos téñase que destinar ata o 60-70% do salario ao pago dunha solución habitacional, e que en, outros moitos casos, nin sequera poden pa-

garse unha vivenda. Neste sentido, destacou unha das medidas propostas na Iniciativa Sindical establecer un prezo máximo de aluguer en zonas tensionadas que non supere o 25-30% do ingreso medio dos fogares na devandita zona.

Tamén se referiu a como o problema da vivenda repercute na mobilidade dos traballadores. “Non se pode pedir a ningunha persoa que cambie de domicilio cun contrato en precario, cun salario de miseria e sen posibilidades de acceder a unha vivenda polo menos como a que tiña na súa situación de orixe. E iso hoxe non é posible”.

Neste sentido, criticou que as administracións non dedican ningún euro das taxas turísticas, nin dos impostos, a facer compatible unha vivenda digna aos traballadores que se desprazan a traballar.

Álvarez fixo estas declaracións na rolda de prensa conxunta para presentar a “Iniciativa Sindical polo Dereito á Vivenda”. Unha rolda de prensa na que interveu, tamén, por parte de UGT, a Secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, M^a Carmen Barrera.

Facer efectivo o dereito real a unha vivenda

Barrera destacou que o obxectivo principal desta Iniciativa Sindical é “establecer un dereito real á vivenda para a maioría da poboación en España, con rendas medias ou baixas e moitas dificultades para conseguir unha vivenda polos seus propios

medios”. Doutra banda, hai que regular a través da actuación dunha oferta pública (dispoñendo dun parque público de vivendas en aluguer suficiente) os prezos do conxunto de mercado libre de vivendas para que non poidan volver producirse burbullas especulativas.

“O que queremos é afastar o carácter especulativo do dereito á vivenda, establecendo un conxunto de actuacións destinadas a moderar os prezos da vivenda o máis rapidamente, mentres se avanza na constitución dun parque social de vivenda pública en aluguer” Trátase de actuar sobre os prezos e sobre a oferta con medidas de emerxencia como captar vivenda desocupada facilitando a rehabilitación, se procede, preferentemente en zonas tensionadas (con pouca disposición de aluguer e prezos moi elevados), limitando as rendas para pagar polo inquilino e complementando o importe das rendas con fondos públicos e á súa vez, dando seguridade ao arrendador e priorizando as actuacións sobre as persoas máis vulnerables”, explicou.

“Ademais”, engadiu, “é necesario poñer en marcha medidas fiscais como gravar as vivendas baleiras nas zonas con tensións de prezos, non se pode permitir que haxa pisos baleiros onde as persoas non poden acceder a vivendas. Hai que reformular os beneficios fiscais destinados ao aluguer entre arrendador e arrendatario, elevar o tipo no imposto de sociedades ás SOCIMI e revisar o conxunto da fiscalidade que afecta as empresas que actúan en materia de vivenda para estimular o aluguer social e regular as vivendas turísticas, sobre todo, en zonas urbanas nas que encarecen os prezos dos alugueres”.

A IRRESPONSABILIDADE DA UNIÓN EUROPEA

Redacción.- As novas chegadas de centos de persoas desde Turquía ás fronteiras de Grecia e Bulgaria, e a forma en que están a ser rexeitadas, é un novo motivo de vergoña para a Unión Europea.

Esta situación é froito, non só da falta de asunción de responsabilidades por parte do conxunto dos Estados membros, senón dunha tolerancia incomprensible cara ao incumprimento de obrigacións internacionais e a violación de dereitos humanos fundamentais.

A Unión Europea actúa no caso das persoas migrantes, coa peor das políticas utilitaristas. Acepta a migración que vén ocupar postos de alta cualificación, reserva a temporalidade con obrigación de retorno

aos seus países de orixe aos traballos de baixa cualificación e no caso das persoas que, podendo ser ou non solicitantes de protección internacional, tratan de chegar á Unión, subcontrata os servizos de terceiros estados para que os freeen. Todo iso sen importar demasiado a calidade democrática e de respecto dos dereitos humanos deses terceiros países que, como sucedeu agora con Turquía por razóns que non teñen que ver cos migrantes, utilizan a estes como instrumento de presión.

As imaxes dos últimos días son intolerables, o son desde o ano 2014. O resultado dunha Unión Europea que non quere asumir a corresponsabilidade no control das fronteiras exteriores e na acollida de quen chega a través dela, e que non actúa



coa debida dilixencia á hora de esixir a Estados membros o escrupuloso respecto aos dereitos fundamentais. Unha Unión de solucións a curto prazo, que externaliza as fronteiras, todo baixo o obxectivo de evitar o efecto chamada.

O efecto chamada existe ao mesmo tempo que un efecto fuxida, provocado polos conflitos, a persecución ou a desigualdade intolerable entre sociedades e rexións.

UGT celebra que o Consello de Ministros aprobe o proxecto de Lei de Educación que derrogará a Lomce

Redacción.- O Consello de Ministros aprobou o proxecto de lei orgánica coa que se quere derrogar a Lomce (LOMLOE), e que se enviará ao Congreso para continuar a súa tramitación. Esta reforma, que quedou en suspenso polo adiamento electoral de fai un ano, e pasará xa os trámites de consulta, retoma o seu curso que esperamos finalice na aprobación definitiva dunha nova lei educativa.

UGT ven manifestando que este proxecto responde ao compromiso adquirido polo Goberno de revertir os aspectos máis lesivos e controvertidos da Lomce. Esta nova lei na súa exposición de motivos establece como obxectivo último reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema e, como principal eixe vertebrador, a educación comprensiva.

O proxecto de lei concede importancia a diversos enfoques, como os dereitos da infancia, segundo o establecido na Convención sobre los Derechos del Niño de Naciones Unidas (1989); a igualdade de xénero, a través da coeducación; un enfoque transversal orientado a elevar os resultados de todos os estudantes por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe; un enfoque desde o desenvolvemento sostible de acordo co establecido na Agenda 2030, e unha atención ao desenvolvemento da competencia dixital dos estudantes de todas as etapas educativas.

O articulado recupera aspectos significativos para preservalos, como son unha escolarización máis equilibrada entre as dúas redes, a avaliación continua, a desaparición de reválidas e itinerarios, unha titulación única ao finalizar o ensino obrigatorio, a organización por ciclos en Primaria, a non publicación de resultados, a non especialización dos centros, a participación de toda a comunidade educativa, o recoñecemento da FP e a súa relación co mundo laboral, a potenciación do carácter educativo da Educación Infantil de 0 a 6 anos e a súa regulación, etc.

Somos críticos respecto ao gasto público incluído no proxecto, que fixa o incremento do mesmo ata un mínimo do 5% do PIB. UGT considera esta cifra insuficiente, xa que debería aumentar paulatinamente ata o 7% para non situarse por debaixo da media da UE. Ademais, carece dunha memoria económica que sustente o articulado. Queda nunha declaración de intencións o desenvolvemento de aspectos clave para o profesorado á hora de dignificar e motivar a labor docente. Son temas que levan moito tempo sen resolver: estatuto docente, ingreso á función pública, formación inicial e permanente, reversión dos efectos da política de recortes da etapa anterior..., aspectos todos eles que xeran incertidume e preocupación nos centros e no colectivo docente.

Compre salientar un aspecto de novo es-

quecido nunha lei educativa como é a Atención á diversidade. Non pode existir equidade e igualdade en profundizar na atención de todo o alumnado a través do incremento do profesorado especialista, a formación do mesmo, o investimento en materiais específicos...

Con respecto ao ensino concertado, coincidimos na importancia e necesidade do mesmo, xa que coa rede pública de centros non se pode dar cobertura educativa a toda a poboación. Sen embargo, non podemos esquecer que na actualidade existen centros con concertos educativos que seguen a segregar ao seu alumnado por sexo, aspecto co que esta organización sindical non pode estar de acordo e non se define neste proxecto de lei.

Consideramos que estamos nun bo momento para introducir no texto as melloras que está a agardar o profesorado e que faciliten e melloren a súa labor diaria nas aulas, sempre pasando previamente pola negociación cos representantes do profesorado, para que de forma dialogada coa Administración se establezan as modificacións pertinentes.

O sindicato non deixará de traballar para conseguir o consenso necesario para dar estabilidade ao sistema educativo, e confiando na responsabilidade dos grupos parlamentarios para facer viable esta lei.

A SENTENZA SOBRE O IRPH CONSTATA A NECESIDADE DUNHA AXENCIA DE PROTECCIÓN DO CONSUMIDOR FINANCEIRO

Redacción.- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TJUE), declarou este pasado martes que os tribunais nacionais deberán cerciorarse de que o contido das cláusulas contractuais asinadas por un debedor e unha entidade bancaria nun contrato de préstamo hipotecario, tomando como base o Índice de Referencia de Préstamos Hipotecarios (IRPH), deben de ser claras e comprensibles e, se chegasen á conclusión de que ditas cláusulas son abusivas, poderán substituílas por un índice legal, aplicable de maneira supletoria, para protexer aos consumidores das consecuencias prexudiciais que poderían derivarse do devandito contrato.

A partir desta Sentenza, ábrese a posibilidade para aqueles consumidores que teñan referenciado o seu préstamo ao tipo IRPH, para que poidan reclamar a revisión da súa hipoteca ben alegando falta de transparencia na súa contratación, ou ben por deficiencias na súa comercialización, o cal lles induciu a contratar a mesma que resultou ser moito máis cara que aquela que utilizaba o Euribor como índice. UGT destaca que, unha vez máis, a

Xustiza, neste caso a europea, resulta ser o último recurso co que contan os cidadáns e cidadás para a defensa dos seus dereitos concluídos.

O sindicato considera que este fallo do alto tribunal europeo, moi garantista para cos dereitos dos consumidores, debería dar lugar a unha profunda reflexión ao noso Tribunal Supremo, xa que en 2017 fallou a favor dunha entidade bancaria, determinando con iso a validez de uso do citado IRPH, ao entender que o seu control de transparencia non era posible por tratarse dun índice oficial, definido e regulado polo Banco de España.

UGT insiste na regulación dunha Axencia de Protección do Consumidor Financeiro, como instrumento de resolución eficaz de disputas entre consumidores e entidades de crédito, con autonomía propia, poder executivo e que puidese ser un medio de evitar conflitos xurídicos, sempre custosos para o consumidor.

Esta Sentenza vai supoñer un aumento

das cargas de traballo para os xa de por si saturados Xulgados e Tribunais e é por iso que UGT insta ás administracións competentes para que provean de medios humanos e técnicos á nosa Administración de Xustiza.

En liña co apuntado anteriormente, faise necesario a procura de solucións máis equitativas, eficaces e eficientes, entre outras: Impulsar por parte das autoridades (lexislativas, gubernamentais, ou o propio Banco de España), a prohibición destas prácticas tan temerarias, polo seu risco e opacidade, inaccesibles á maioría da cidadanía-debedora hipotecaria e promover a procura duns índices máis transparentes e equitativos para así lograr un mercado hipotecario máis seguro, estable e eficiente.

Igualmente, deberíanse promover sistemas de solución extraxudicial do mesmo xeito que, a creación de mecanismos de supervisión máis eficaces no seo do Banco de España, con participación máis eficaz da sociedade civil (sindicatos e asociacións de consumidores).